



RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN DE DATAS DO CURSO LO11010 PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ESPECIAL REFERENCIA ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS III A REALIZAR EN A CORUÑA.

ANTECEDENTES:

1 A Escola Galega de Administración Pública dicta a Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo das entidades Locais de Galicia. (DOG núm. 50 do 12-03-2011).

2 O curso LO11010 Persoal laboral ao servizo das administracións públicas, especial referencia ás corporacións locais III non se pode realizar nas datas previstas (9, 11, 16, 18, 23, 25, 30 de maio e 1, 6, 8 e 13 de xuño na edición de A Coruña) por razóns técnicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 10 de marzo de 2011 pola que se convocan cursos para o persoal ao servizo das entidades Locais de Galicia (DOG núm. 50 do 12 de marzo de 2011), na súa base novena, apartado d) dispón:” A EGAP poderá modificar o desenvolvemento e os contidos dos cursos, as datas e os lugares, así como resolver todas as contingencias que poidan xurdir”.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Modificar as datas previstas do curso LO11010 Persoal laboral ao servizo das administracións públicas, especial referencia ás corporacións locais III e realizar o curso os días 16, 18, 23, 24, 25, 30, 31 de maio e 1, 6, 8 e 13 de xuño do 2011 na edición de A Coruña.

2 Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego